

INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 148/1992, DO 5 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBA O PLAN DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN E POLO QUE SE APROBA O PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN.

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente decreto a modificación do Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

2. Marco normativo e competencial

O artigo 149.1.23 da Constitución española atribúe competencia exclusiva ao Estado para aprobar a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, o seu artigo 148.1.9 dispón que as comunidades autónomas poderán asumir competencias na xestión en materia de protección do medio ambiente.

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia para aprobar normas adicionais sobre a protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, sinala no seu artigo 31: *“Os Parques son áreas naturais que, en razón á beleza das súas paisaxes, a*



representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente”.

Na Comunidade Autónoma de Galicia aprobouse a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que ten entre os seus obxectivos a protección, restauración e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre. Nesta lei tamén aparece a figura de parque natural entre as categorías de espazos naturais protexidos. Esta Lei foi derogada pola recente Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que establece na súa disposición transitoria sétima que “os procedementos administrativos en tramitación á entrada en vigor da presente lei tramitaranse pola normativa vixente ao iniciarse a súa tramitación”, polo que se aplica na súa tramitación a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Este espazo declarouse como parque natural mediante o Decreto 139/1992, do 5 de xuño publicado no Diario oficial de Galicia, núm. 113, do 15 de xuño.

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán dispón dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais aprobado polo Decreto 148/1992, do 5 de xuño (DOG nº 114, do 16 de xuño), que recolle no seu articulado a necesidade de que o Plan Reitor de Uso e Xestión o desenvolva mediante programas básicos de actuación sectorial e que se elaborará segundo o disposto da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre (norma derogada pola Lei 42/2007, do 13 de decembro).

Pola súa banda o artigo 31 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, enumera os distintos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e establece que nos parques a xestión levará a cabo mediante plans reitores de uso e xestión. En consecuencia e mediante esta disposición, procede aprobar o Plan Reitor de Uso e Xestión



do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, como instrumento específico de xestión do Parque natural.

O Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, establece que esta consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia, nos termos sinalados na Constitución española

Polo demais, e no que se refire á competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 d antedita Lei 1/1983.

3. Estrutura do proxecto normativo

O proxecto de decreto consta de 3 artigos, unha disposición derogatoria única, catro disposicións derradeiras e tres anexos

4. Tramitación

O proxecto de decreto tramítase de conformidade co disposto na Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e a Lei 42/2007 do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

A persoa titular da entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, encargou á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a elaboración do borrador de decreto, e a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto de decreto pola persoa titular tivo lugar en data 18 de setembro de 2018.



No expediente constátase que o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade

Unha memoria económica-financeira con estimacións dos custes que pida xerar e o seu financiamento.

Un informe do servizo técnico- xurídico.

En canto ao procedemento de elaboración deste decreto por medio do anuncio do 11 de xaneiro de 2018, foi sometido á participación do público conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso ao medio ambiente.

O día 29 de marzo de 2021 publicase no Diario Oficial de Galicia número 59, o Anuncio de 22 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Así mesmo foi sometido a trámite de audiencia das entidades directamente interesadas.

Con posterioridade aos trámites de información pública e audiencia solicitáronse os informes sectoriais preceptivos. Igualmente incorporáronse ao expediente os informes emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e pola Xunta Reitora do Parque Natural do complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 20 de maio de 2021

Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 18 de maio de 2021



Informe de sostenibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de data 24 de maio de 2021.

Informe da Dirección Xeral de Función Pública de data 20 de maio de 2021.

Informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica de data 21 de maio de 2021.

Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 18 de maio de 2021.

Informe do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do 20 de maio de 2021.

Consta no expediente a xustificación do tratamento das alegacións recibidas.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 25 de maio de 2021.

O proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouse Montero



